

# O + ENTRE AS NOVIDADES


## ABRIL 2008



Este libro percorre as distintas etapas de maduración emocional e social do ser humano non só como individuo, senón tamén en relación coas persoas que conforman o noso contorno: país, fillos parella, compañeiros, amigos... No limiar do século XXI as emocións, grazas ás portas abertas pola neurociencia, poden catalogarse, comprenderse e incluso xestionarse: son a chave do noso centro neuráxico. Coñecerse a un mesmo permite descubrir as fontes da nosa felicidade, a nosa ira e a nosa dor para poder convivir harmoniosa e plenamente con nós mesmos e cos demais.



Guinness world records e Twin galaxies presentan a guía definitiva de estadísticas e curiosidades sobre o mundo dos videoxogos. Cal é o videoxogo máis vendido da historia? Quen é o xogador profesional de máis éxito? E o mellor pagado? Cal é o tempo mínimo no que se conseguiu superar o nivel de Halo? Quen son os xogadores profesionais máis novos? E os máis veteranos?



A Barcelona do século XI abriga nas súas murallas dúas historias marcadas polo drama, o amor e a ambición. A historia dun rapaz campesiño que logra cambiar o seu destino coa esperanza de prosperar e facerse merecedor do amor dunha rapaza de avoengo, mestúrase coa do conde de Barcelona, cuxos amores adúlteros somen á cidade a un perigoso conflito político.




No século I da nosa era, Pomponio Flato viaxa polos confíns do Imperio romano en busca dunhas augas de efectos portentosos. O azar e a precariedade da súa fortuna lévano a Nazaret, onde vai ser executado o carpinteiro da vila, convicto do brutal asasinato dun rico cidadán. Contra o seu gusto, Pomponio vese inmerso na solución do crime.

Cruce de novela histórica, policíaca, haxiografía e parodia de todas elas, ésta é a obra máis insólita e inesperada de Eduardo Mendoza e tamén unha das máis divertidas.




Destaca pola súa calidade narrativa e a exhaustiva documentación do período histórico no que transcorre, mediados do século XIX no sur de Estados Unidos, durante a Guerra de Secesión. *Lo que el viento se llevó*, retrato romántico da vida no sur de Estados Unidos, converteuse de inmediato nun bestseller e recibiu o premio Pulitzer en 1907. Foi traducido a 27 idiomas e vendeu ata hoxe máis de 28 millóns de exemplares.



Na turbulenta Barcelona dos anos 20 un escritor novo obsesionado cun amor imposible recibe a oferta dun misterioso editor para escribir un libro como non existiu nunca, a cambio dunha fortuna e, tal vez, moito máis.

O autor de *La sombra del viento* transpórtanos de novo á Barcelona do Cemiterio dos Libros Esquecidos para ofrecernos unha gran aventura de intriga, romance e traxedia, a través dun labirinto de segredos onde o embruxo dos libros, a paixón e a amizade se conxugan nun relato maxistral.



Narra a historia de Michael Berg, un rapaz de quince anos, que inicia unha relación cunha muller de trinta e seis chamada Hanna. É unha relación erótica na que, antes de amarse, ela sempre lle pide a Michael que lle lea en voz alta fragmentos de Schiller, Goethe, Tolstói... Un día Hanna desaparece. Sete anos despois, Michael, estudante de Dereito, acode ao xuízo contra cinco mulleres acusadas de criminais de guerra nazis. Unha das acusadas é Hanna. E Michael débatese entre os gratos recordos e a sede de xustiza, trata de comprender que levou a Hanna a cometer esas atrocidades...



Tras a edición de *Cen pés* hai máis dunha década, este traballo inclúe, ademais dos debuxos dese exitoso volume, outro cento de pés, algúns publicados e outros inéditos.



biblioteca pública  
"Juan Fernández Latorre"  
Concello de Ortigueira



Concello de  
Ortigueira